

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Dirección do proxecto	
Nome: María José Pérez Álvarez	
Enderezo electrónico: mjperez@uvigo.es	Teléfono: 988 387 093
Co-dirección do proxecto	
Nome: Julia Carballo Rodríguez	
Enderezo electrónico: carballo@uvigo.es	Teléfono: 988 387 068
Bienio	2020/2022
Número de participantes (máx. 4)	2

Título

MicroMundo: Na procura de bacterias do solo produtoras de antibióticos

Resumo

A resistencia das bacterias ós antibióticos provocada polo seu mal uso e abuso é un problema capital xa alertado pola Organización Mundial da Saúde que estima que, de seguir así, en 2050 haberá mais mortes causadas por infeccións que por cancro.

Os microorganismos do solo son activos produtores de antibióticos. Coas actividades do proxecto preténdese introducir ao estudantado de Bacharelato na investigación científica, e ao mesmo tempo, contribuír a atopar unha solución a este problema socio-sanitario.

Obxectivo

- Familiarización coa investigación científica no campo da Microbioloxía.
- Divulgación social do problema da resistencias bacteriana aos antibióticos.
- Procura de bacterias produtoras de antibióticos en mostras de solo.

Plan de traballo

Nas datas coordinadas co Centro correspondente levaranse a cabo a recollida de mostras e análise de resultados obtidos.

O alumnado aprenderá a facer análises microbiolóxicas cualitativas e cuantitativas das mostras de solo recollidas; a caracterizar dun xeito básico as bacterias de interese e detectar se presentan actividade antibiótica fronte a bacterias testemuñais.

Finalmente o estudantado realizará unha memoria final

Actividades complementarias

1. Visita ao Laboratorio de Microbioloxía.
2. Asistencia ás actividades que se programen en relación coa problemática das resistencias bacterianas aos antibióticos.